

**ACTA DA SESIÓN ORGANIZATIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
DO 20 DE XUÑO DO 2019**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte de xuño do dous mil dezanove, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión organizativa convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**ORDE DO DÍA:**

**1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CONSTITUTIVA DO 15 DE XUÑO DE 2019.**

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación do Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a Acta da sesión constitutiva da Corporación municipal, do 15 de xuño de 2019.

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

## 2. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dáse conta ao Pleno, para os efectos do previsto no art. 25 do ROF, de que se presentaron, na Secretaría Xeral da Corporación municipal, de acordo co art. 24 de dita norma, os escritos correspondentes asinados por tódolos integrantes dos mesmos, para a constitución dos Grupos políticos municipais, canle para a actuación corporativa dos membros da Corporación municipal, segundo dispoñen o art. 73.3 da Lei 7/1985 e o art. 23 do ROF.

De resultados de ditos escritos, os Grupos políticos que se constitúen no Concello de Monforte de Lemos son os que figuran, a continuación, cos seus integrantes e portavoces:

### **GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-**

**Integrantes:** D. José Tomé Roca, Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina María Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna. Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Portavoz:** Titular: D. Iban Torres Rodríguez.

Suplentes: Os demais integrantes do Grupo, na orde coa que figuraban na candidatura.

### **GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR.-**

**Integrantes:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Portavoz:** Titular: Dna. Katherinie Varela Fernández.

Suplente: D. Roberto Eireos Saez.

### **GRUPO MIXTO.-**

**Integrantes.-**D. Emilio José Sánchez Iglesias e D<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

Intervén D. Emlio José felicita a todolos grupos por respresentar a veciñanza de Monforte e dar a benvida aos novos. Ao respecto do informe que lles entrega, comunica que lle gustaría que se lles houbse pasado en tempo suficiente, non cinco minutos antes do Pleno. No tocante ao que puido ler, non está de acordo xa que a información ou a documentación que se lle pasa e, en certo modo, interpretable. A Lei da Administración no seu artigo 1 no punto 1, autoriza a autonomía local para a súa organización. De feito



moitas das propostas están baseadas no ROF agás no punto número 2, é curioso e cando menos sospeitoso. Di que non están de acordo con esta proposta.

Intervén Dna. Isabel García Díaz manifesta que quere que conste en acta que este documento, que non fai nin sequera 5 minutos, acaba de entregar o Sr. Secretario, trae data 17 de xuño de 2019, que ela saiba hoxe é día 20, ás 20 horas, por conseguinte esta é a primeira comunicación formal que esta portavoz ten de que se quere constituir como Grupo Mixto. Segundo o papel que se nos entrega, que é un informe da Secretaría Xeral asinado polo Sr. Secretario, este informe no que xustifica o seu coñecemento, ten data 19 de xuño, hoxe é día 20. Porque non é o mesmo uns días que outros. Quere recoller as palabras que dixo D. Emilio e isto non se entrega desta maneira. Di que ela non está de acordo co que se se presenta e tomará as medidas que consideren.

O pasado 17 de xuño o Sr. Secretario da Corporación, D. José Antonio Mourelle Cillero tivo a ben comunicar telefónicamente a intención do Sr. Alcalde de crear tres grupos no mandato 2019-2023, Grupo PSOE e PP, e Grupo Mixto, este último, integrado por Esperta Monforte e BNG. Ambos dous integrados polo seu concelleiro e concelleira. Ata onde sabe, unha chamada telefónica non é un xeito formal. Dun xeito moi amable e cortés o Sr. Secretario comunicoume que debería presentar un escrito na Secretaría do Concello, dos acordos adoptados co BNG segundo o artigo 74.4. Lei 5/1997 de 22 de xullo Reguladora de Administración Local de Galicia.

Ese mesmo día 17.06.2019 ás 13:20 presentamos un escrito onde comunicamos formalmente, para os efectos que en dereito procedan, ao amparo do artigo 24 do ROF e o artigo 73.3 da Lei 7/1985 Reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, no que se cosntituía o Grupo Municipal EspertaMonforte!.

Visto isto manifesta o seu profundo desacordo coa creación do Grupo Mixto, fundamentalmente por tres razóns: primeiro, as formas nas que se comunicou esta intención, segundo o contido da intención de crear un grupo mixto, terceiro, a excusa enmascarada de coartar a intención de ser grupo municipal electo.

Non lles parece parece correcto que o Secretario faga esta comunicación, cando en realidade é unha decisión do sr. Alcalde. . Cómpre salientar que a Lei 5/97 é unha lei de rango autonómico e polo tanto inferior a lei estatal, 7/1985 modificada pola 53/2003, de 16 de decembro na que no seu artigo 73.3 di: “a efectos de su actuación corporativa los miembros se constituirán en grupos políticos en la forma y con los derechos y obligaciones que establezcan con excepción de aquellos que no se integran en el grupo político en la formación electoral que fueron elegidos, por lo que, tedrán la consideración legal de miembros no adscritos”

Continúa manifestando que non ten lugar que se nos queira incluír en ningún outro grupo que non sexa EspertaMonforte!. Solicita que lle puidera explicar porque no 2017 non se realizou o mesmo. Por outra banda, aínda están á espera da contestación do seu escrito, manifesta que se lle acaba de contestarse agora mesmo co informe entregado.

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

A terceira razón é que esta medida de resuicitar o Grupo Mixto atenta contra a liberdade de expresión, e os dereitos como concelleiros electos posúen, e non é de recibo este tipo de xestos antidemocráticos, que o único que axudan é a ter unha actividade autoritaria. Por outro lado non ten necesidade de mostrar esta cara fea e amarga coa súa situación de maioría absoluta que ten o Sr. Alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a lei garantiza a autonomía. Cando nos trouxemos un regulamento orgánico ao Pleno o tumbaron. Isto evidentemente non se vota, é una dación de conta. Vostede, referíndose a Dna. Maribel, ten que coñecer a lei. Vostede debería saber como ten que formar o seu grupo municipal. A chamada do Sr. Secreario foi unha chamada de cortesía, para informar e dende logo non é a intención do Alcalde É o que di a lei, que conste en acta o que din os informes de Secretaría e Intervención. Se limitan a interpretar a lei. A Lei di en ton imperaativo: “en todo caso” hai que ter un mínimo de concelleiros. Imperativo, o punto 4 do artigo 74.

Vostede o mezcla todo. Non era o mesmo no ano 2017, cando se marchan os concelleiros dun grupo, o Concelleiro que queda representa a totalidade do grupo. Os que se fugan non constituyen un grupo, son concelleiros non adscritos e son a título particular. Eso e o que di a lei.

Di vostede que non vai aceptar o do Grupo Mixto. O di a lei. Non o di este Alclade. Un non é un grupo. Para ser grupo ten que ser como mínimo dous. Iso é o que din os informes.

Por outra banda, vostede manda unha carta aberta ao BNG. Vostede di que a decisión de formar grupo, ou non, é decisión do propio grupo. Vostede non é un grupo e vostede é unha persoa soa. Vostede continúa decindo que o alcalde quere atentar contra o dereito dos Concelleiros.

Respostalle que o Alcalde non fixo a lei. O alcalde cumpre e aplica a Lei. A lei estatal é a básica do Estado que a desarrolla as Comunidades Autónomas. Cando non hai dereito propio autonómico aplícase o do Estado. A que se aplica é a da Comunidade Autónoma. Di vostede outras cousas, que a situación do ano 2017 era a mesma. Non é o mesmo. Vostede non é un grupo. Tamén fala de prepotencia. Prepotente é vostede, porque prepotente é impoñer o que un non ten dereito. Poderá ser xusto ou non pero é o legal. Cando se cumpre a lei, non se trata de cercenar dereitos, o que se están é evitando excesos. Non teñen dereito a impoñer o que queren impoñer. Vostede insta ao BNG a que non apoiem na Deputación. A democracia é cumprir co ordenamento xurídico. Digolle que deben nomeala asesora dos lios. Xa sabemos que a vostede gústalle o campo embarrado. A nós gústanos xogar en campo limpo. Asegúrolle que o cachondeo rematou.

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

Fala do informe de Secretaría, e vese que vostede ten máis simpatía por outros funcionarios que por algún. Por algo sería D<sup>a</sup> Maribel, que se lle certificaron cousas que él non lle certificou e que outros si lle certificaron.

Da lectura ao informe de Secretaría:

**“PRIMEIRO.-** *A organización municipal básica está regulada no art. 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL, que dispón que “a organización municipal corresponde ás seguintes regras:*

*a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en todos os Concellos.*

*b) A Xunta de Goberno existe nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello.*

*c) Nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou o acorde o Pleno, existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.*

*d) A comisión especial de suxerencias e reclamacións existe nos municipios sinalados no título X da Lei 7/1985, e naqueloutros en que o Pleno así o acorde, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, ou así o dispoña o seu Regulamento Orgánico.*

*e) A comisión especial de contas existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116 que dispón que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos que compoñen a Corporación.*

**SEGUNDO.-** *Neste mesmo precepto establécese que “as Leis das Comunidades Autónomas sobre o Réxime Local poderán establecer unha organización municipal complementaria á prevista no número anterior”.*

*Por tanto a normativa de aplicación, en canto á organización complementaria refírese, será a recollida na normativa autonómica, caso de que se tivese ditado.*

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

*A Comunidade Autónoma Galega, en desenvolvemento do disposto no citado apartado 2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, aprobou a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que, no seu art. 59, regula a organización dos municipios da maneira seguinte: "os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia teñen a potestade de autoorganización e, por iso, poderán aprobar os seus regulamentos orgánicos sen outro límite que o respecto ás regras de organización municipal establecidas pola lexislación básica do Estado e pola LALG.*

**TERCEIRO.-** *En relación coa existencia de grupos políticos como un dos elementos organizativos dos municipios, é preciso poñer de manifesto:*

*a) O art. 73.3. da Lei 7/1985, na redacción dada pola Lei 57/2003, establece que: "A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigacións que se establezan, con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos".*

*b) Pola súa banda o art. 74 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que:*

*1. Os Concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cós partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na corporación.*

*2. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.*

*3. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.*

*4. Integranse, EN TODO CASO, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escaños.*

**CUARTO.-** *No caso que nos ocupa, tanto no que se refire á Concelleira pertencente a espertamonforte!, como o pertencente ao BNG, procede que, para os efectos da súa actuación corporativa, intégrense no Grupo Mixto polas seguintes consideracións:*

*1.- En ambos os casos a formación electoral polas que foron elixidos, non obtiveron un mínimo de dous escaños.*

*2.- Non se dan os supostos regulados no art. 73 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, xa que tanto no caso da Concelleira de espertamonforte! como no do concelleiro do BNG:*

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

- non existe grupo político constituído por formación electoral pola que foron elixidos, xa que como se expresou, para que se puidese constituír como tal necesitaría un mínimo de dous concelleiros, e

- non abandonaron o seu grupo de procedencia.

Por outra banda a creación de un Grupo Municipal ten como consecuencia a atribución de determinadas cantidades económicas, 300 € por Grupo, que de constituirse sin respectar os referidos criterios, carecerían de fundamento legal para o seu aboamento.

### **CONCLUSIÓN:**

A xuízo do que subscribe, para a actuación corporativa tanto da Concelleira de espertamonforte!, como do Concelleiro do BNG, haberán de integrarse no Grupo Mixto, xa que a formación electoral pola que foron elixidos non obtivo o mínimo de dous concelleiros esixidos polo art. 74. 4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, normativa de aplicación para a organización complementaria, de acordo co regulado no art. 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Non procede a súa cualificación como concelleiros non adscritos, por non darse ningún dos supostos recollidos no art. 73 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. “

No caso do informe de Intervención di o mesmo.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que para rematar dicir que aumentar os grupos municipais en contra da lei ten consecuencias. Entre elas é a económica, non estando disposto a malversar ningún fondo público. Con estes informes sobre a mesa, se se fai algo en contra, estaríase prevaricar. Se calquera concelleiro me denuncia, inhabilitánme. Non vou correr ese risco. Se non está dacordo ten dereito a recurrir, para iso está a xustiza. A lei di o que di, e os informes tamén din o que din e, ademáis, son coincidentes.

### **3. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.**

En base á proposta do expediente da sesión apróbase por unanimidade dos concelleiros do grupo Socialista, Grupo do PP e do Grupo Mixto.

### **ACORDO**

Pleno da Corporación

Sesión organizativa 20.06.2019

PRIMEIRO.- A periodicidade do Pleno ordinario será mensual, sen prexuízo de que non se celebre no mes de agosto. Cúmrese co previsto no art. 46.2.a) da Lei 7/1985.

SEGUNDO.- O día de celebración da sesión ordinaria do Pleno será o último luns de mes, agás no mes de agosto que non haberá pleno ordinario. A hora da convocatoria será ás 20 horas (oito da tarde) durante todo o ano. O primeiro pleno ordinario será no mes de xullo.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que a periodicidade do Pleno parécelle correcto sobre todo o das oito da tarde.

Respecto o que antes comentou, en ningún momento puxo o en dúbida a profesionalidade dos técnicos deste Concello, vostede amparase nunha lei. Esa mesma lei di cada grupo debe de ter un local na casa do Concello, e nada se fai ao respecto.

Se nos pertencenos a un grupo político e pasamos ao grupo mixto estamos abandonado o noso grupo incurrindo nesa lei da que tanto fala. ¿Que quere utilizar a maioría en forma de revancha?. Estes comentarios ou fórmulas non acaba de entendelos. A lei hai que cumplila, para iso prometemos o pasado sábado. Cumprir e facer cumprir a lei, pero podería probar vostede a concedernos o grupo municipal, a ver se hai alguna lei que obrigara a que non fora así, que é á inversa. Non vai facer un xuízo de quén ten a razón, ademáis parécelle que non hai necesidade de discutir, e que cada un teña conta do que fai. Manifesta o seu voto favor.

D<sup>a</sup> Isabel García Díaz manifesta o seu voto a favor. Dille ao Sr. Alcalde, que é un gran xurista, que ao mellor descoñece “El Consultor de los Ayuntamientos”,no que escriben artigos prestixiosos secretarios de grandes concellos. Dase a circunstancia que un destes artigos ten unha frase moi boa: “hoy en día solo una pequeña parte de la doctrina niega la posibilidad de crear grupos unipersonales .

Hemos de señalar aquí que desaparece cualquier posibilidad la creación del grupo mixto. Todos se deben someter a los dictados básicos de la ley. Ya podemos avanzar a tenor del artículo 73.3 que la norma reconoce la estructura corporación con grupos políticos y con concejales no adscritos”.



Vostede ao mellor ten suficientemente absoluta, non necesitaría deste intento. Fala vostede prevaricación. O alcalde de Sober, ¿esta prevaricando?. Hai un concelleiro do PSOE, e ten grupo político, Podería falar doutros concellos como Vilagarcía de Arousa, que non están no grupo mixto. ¿Tamén están prevaricando?. Falou vostede que os técnicos non militan no seu partido. Pero dígolle que eu si vin, con certo estupor, como un técnico deste Concello celebraba a súa vitoria. E non é moi procedente. Vostede fará o que considere e nós faremos o que consideremos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde si é posible o que pide se lle dará na medida do posible. Di que tamén él o pediu cando estaba na oposición, pero nin sequera lle contestaron. En relación coas verbas de D<sup>a</sup> Isabel decirlle que son opinión. A lei de bases de réxime local deriva á lei autonómica, se existe. Ten carácter de lei básica e logo se desarrolla nas Comunidades Autónomas. Fala do exemplo de Sober. A situación de Sober é exactamente igual que a de Monforte no pasado mandato, había catro grupos. É a mesma situación. Polo tanto no mezcle cousas.

#### **4. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

En base á proposta do expediente da sesión, o Pleno aproba por unanimidade cos votos do Grupo Socialista, Grupo Municipal do PP, e Grupo Mixto (BNG e Esperta Monforte!), adopta o seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Crear as seguintes Comisións Informativas permanentes no Concello de Monforte de Lemos:

- 1. Comisión informativa Xeral de Asuntos do Pleno.**
- 2. Comisión informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas (art. 127.3 do ROF).**

**SEGUNDO.-** Fixar, como composición das mesmas, un número de dez membros para cada unha, seis do Grupo Socialista, dous do Grupo do PP, un de Esperta Monforte e un do BNG, que corresponde decidir a cada Grupo.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García manifestando que está de acordo coa proporcionalidade. Nesas mesmas normas tamén hai un artigo donde fala que o Alcalde é presidente neto, e pregunta se está incluído o alcalde.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela preguntando e manifestando a súa preferencia para que o horario das comisións sexan polas tardes. Contestando o Sr. Alcalde que as comisións que se van realizar nos próximos días polo tema do orzamento, serán pola mañá. E Quer sempre se fixeron pola mañá.

## 5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS E ENTIDADES.

Vista a proposta do expediente da sesión, o Pleno por maioría, cos once votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PSOE, e seis votos en contra dos concelleiros do PP, dous votos dos Concelleiros do Grupo Mixto (Esperta Monforte! e BNG), adopta o seguinte

### ACORDO

A representación municipal nos diversos órganos e entidades dos que forma parte, será a seguinte:

#### A) ÓRGANOS.-

##### a) De funcionamento no propio Concello:

- **Mesa Local do Comercio.** Representante art.5.c) do Decreto 183/2011: D. José Tomé Roca ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Xunta Local de Seguridade.** O Real Decreto 1087/2010, que a regula, prevé que sexa o Alcalde quen designe a representación municipal.
- **Comisión da Escola Infantil Municipal.** O Alcalde, ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Consello Escolar do Conservatorio (municipal) Profesional de Música “Mestre Ibáñez”.** O Alcalde, ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Instituto Municipal de Drogodependencias.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.

##### b) De funcionamento alleo ao Concello:

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

- Consello Escolar do Centro de Educación Especial “Infanta Elena”.
- Consello Escolar da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos.
- Consello Escolar do I.E.S. Río Cabe.
- Consello Escolar do I.E.S. A Pinguela.
- Consello Escolar do I.E.S. Daviña Rei
- Consello Escolar do CEIP A Gándara.
- Consello Escolar do CEIP de Monforte de Lemos (Colexio Novo).
- Comisión de Concertos Educativos.

Son oito órganos. A proposta é de que a representación neles se faga da seguinte maneira:

- IES RÍO CABE, Partido Popular
- IES DAVIÑA REI, Partido Popular
- COLEXIO NOVO, Partido Popular
- CEIP A GÁNDARA, Partido Popular
- IES A PINGUELA, Bloque Nacionalista Galego
- CEE INFANTA ELENA, Esperta Monforte

B) ENTIDADES.-

- **UNED. Aula de Monforte de Lemos do Centro Asociado de Lugo.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Consortio de Turismo Ribeira Sacra.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Rede de Xuderías.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Consortio provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Fundación dos Ferrocarrís de Galicia.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.
- **Fundación Instituto da Construción do Val de Lemos.** O Alcalde ou concelleiro/a en quén delegue.

A representación do Concello de Monforte en outros órganos e entidades non comprendidas na relación anterior, será atribuída ao Sr. Alcalde, sen prexuízo das delegacións que poida efectuar.

Fala o Sr. Alcalde que cada concelleiro debe ter o sitio para representar ao Concello. Por iso propón que o PP teña representación en catro institutos ou colexios. O BNG no Ies da Pinguela e Esperta Monforte no Infanta Elena e os demais do grupo do PSOE e o Sr. Alcalde.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que houbera agradecido que os plenos non se nos comuniquen por unha rolda de prensa. Di que está de acordo. Dille ao Sr. Alcalde que deixe de mirar ao pasado que mire cara ao futuro. No pasado a distribución que se fixo, formaba parte do que decidiu o Pleno, hai veces que se chega a acordos outras veces non, realmente foi un exercicio democrático.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García, dando unha pequena explicación ao que acaba de escoitar parece ser que vostede é uha persoa moi xenerosa. Pero vostede sabe coma min, nun consello escolar con tódolos respectos non significa absolutamente nada e nin se fai nada. O digo porque fun representante do Infanta Elena varios anos. Vostede se reserva as cousas onde si se dilucidan outras couas. Bota en falla o funcionamento alleo ao Concello, a comisión de concertos educativos sen nomear a ninguén. Deixa a escola oficial de idiomas, onde todos sabemos o que cotizamos nela dende este Concello, e tamén onde vai o diñeiro foi un tema amplamente debatido fai catro anos. Non figura a representación no Hospital. Unha vez máis solicita intentar representar, e formar parte en sitios onde pode prestar unha labor de servizo a este Concello e á cidadanía de Monforte, como é na representación do Hospital, pero non ten ningún problema en estar de representante na Infanta Elena.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela e fala de que se enteraron polas datas do Pleno na prensa. Parécelle curioso que o grupo do PP só representen aos colexios, e o demais llo repartan o equipo de Goberno.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostedes teñen unha convocatoria oficial que lle levaron a súa casa. Vostedes teñen dereito a que, en tempo e forma, reciban unha convocatoria oficial, pero vostedes non me poden dicir a min cando teño unha rolda de prensa e o que teño que dicir nesa roda de prensa. Iso entra dentro da capacidade dos gobernos. Non se pode dicir que se convocou o pleno pola prensa. Di que cando un padeceu o que padeceu, hai que saber de onde se ven.

Recorda a unha portavoz do goberno, que botou 12 anos botándolle a culpa ao anterior Alcalde D. Nazario Pin.

Fala vostede respecto. Etes órganos son tan respetuosos coma outros. Vostedes fai catro anos fixeron unha manioobra, que nos deixaron fóra. Vostede votou a favor de deixarnos fóra, dirixíndose a D<sup>a</sup> Isabel García.

## **6. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS EFECTUADAS.**

Dase conta de decreto da Alcaldía de delegación de atribucións da alcaldía na Xunta de goberno Local, de data 17 de xuño do 2019 que sinala:

“Nomeados por Decreto da Alcaldía desta mesma data os membros da Xunta de Goberno Local, procede a efectos de dar conta a dito Órgano na súa sesión constitutiva para a súa aceptación regulamentaria, determinar as atribucións propias da Alcaldía que se delegan na Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, de acordo cos artigos 21 e 23 da Lei da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43, 44 e 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, e 13 da Lei 4/1999, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- A resolución dos expedientes urbanísticos de obras – maiores e menores-,de edificación, de uso do solo e do subsolo, de segregación ou parcelación e de primeira ocupación. O outorgamento das licenzas que neles correspondan.
- A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística. As declaracións de ruína e as ordes de execución.
- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non atribuída expresamente ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A resolución dos expedientes de actividades e de apertura de establecementos.
- As autorizacións en dominio público e de utilización de instalacións ou bens municipais, agás as urxentes cuxa resolución non se poida demorar ata a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. As licenzas: de vaos, entradas por beirarrúas e reservas de vía pública; de taxis e vehículos de aluguer; de animais perigosos.

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, dos contratos administrativos especiais e dos contratos privados, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A aprobación de proxectos de obras e servizos no marco das competencias para contratación e concesión que quedan indicadas, que estean previstos no orzamento.
- A resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial que se interpoñan contra ou Concello.
- A resolución de expedientes sancionadores.
- Os convenios con outras Administracións Públicas, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de liquidacións tributarias, de prezos públicos e de calquera ingreso do Concello, tanto individuais como colectivas (padróns), modificacións e aprobación padróns.
- A resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos por anulación de liquidacións.
- A resolución de expedientes de bonificacións e exencións tributarias, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de gastos e facturas e de propostas de gasto.
- A autorización, e a aprobación da xustificación, de pagos a xustificar e de anticipos de caixa fixa.
- A devolución de garantías constituídas en metálico e a cancelación de avais, seguros de crédito e caución e similares.
- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- A aprobación das Bases para a concesión de subvencións, e a resolución sobre a concesión da subvención.

SEGUNDO.- A delegación efectuada ten efectos dende o 24 de xuño do 2019, inclusive, data prevista para a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno. “

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

Dase conta de decreto da Alcaldía de nomeamento de membros da Xunta de Goberno, Tenentes de Alcalde e Delegacións especiais de servizos, de data 17 de xuño do 2019 que sinala:

*“En sesión celebrada o día 15 de xuño do 2019 quedou constituída a Corporación municipal xurdida das eleccións locais celebradas o día 26 de maio do 2019, e foi elixido Alcalde quen acorda o que neste Decreto se dispón para configurar o goberno, organización e xestión do Concello de Monforte de Lemos ao comezar un novo mandato corporativo.*

*En uso, para iso, das atribucións que á Alcaldía-Presidencia corresponden e a teor do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 43, 44, 46 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986,*

#### RESOLVO

*PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros/as, que conformarán dito Órgano xunto co Sr. Alcalde que o preside:*

- *Dona Gloria María Prada Rodríguez*
- *D. Ibán Torres Rodríguez*
- *D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle*
- *D. José Luis Losada Fernández*
- *D<sup>a</sup> Marina María Doutón Rajo*

*SEGUNDO.-Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno, que substituirán regulamentariamente ao Sr. Alcalde pola orde en que son designados:*

- *1<sup>a</sup> Tenente de Alcalde e coordinadora do equipo de Goberno: Dona Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez*
- *2<sup>a</sup> Tenente de Alcalde: D. Ibán Torres Rodríguez*

*TERCEIRO.- Efectuar as delegacións especiais do servizos que se indican, facéndose constar que os servizos que non son obxecto de delegación por ser xestión da propia Alcaldía, son os seguintes:*

#### URBANISMO

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

*INFRAESTRUTURAS  
PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMERCIO E  
TURISMO*

- *1ª Tenente de Alcalde, Dª Gloria Mª Prada Rodríguez:  
FACENDA  
RÉXIME INTERIOR  
SERVIZOS SOCIAIS E DISCAPACIDADE.*
  
- *Concelleira, Dona Mª Pilar Espinosa Novelle:  
SANIDADE E DROGODEPENDENCIAS  
TRÁFICO E MOBILIDADE*
  
- *Concelleiro, D. José Luis Losada Fernández:  
OBRAS  
MEDIO RURAL  
SERVIZOS (ABASTECIMENTO DE AUGA,  
SANEAMENTO, RECOLLIDA DE LIXO, LIMPEZA  
VIARIA, CEMITERIO E ILUMINACIÓN PUBLICA)*
  
- *Concelleira, Dona Marina Mª Doutón Rajo:  
CULTURA  
ENSINO  
XUVENTUDE*
  
- *Concelleiro, D. José Manuel Mougán Sobredo:  
DEPORTES*
  
- *Concelleira, Dona Regina López Arias:  
CONSUMO*
  
- *Concelleiro, D. Guillermo Díaz Aira:  
TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN*
  
- *Concelleira, Dona Margarita López Rodríguez:  
MULLER E IGUALDADE*
  
- *Concelleiro, D. Miguel Tomé López:  
MEDIO AMBIENTE*



*CUARTO.- As Delegacións especiais recollidas no apartado terceiro da parte dispositiva desta Resolución comprenderán a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non incluírán a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*QUINTO.- Os nomeamentos e delegacións deste Decreto surtirán efectos dende o día seguinte ao súa data, sen prexuízo das preceptivas publicacións no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dación de conta ao Pleno. “*

## **7. RÉXIME DE DEDICACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL, E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS CORPORATIVAS.**

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 17 de xuño que sinala:

**PRIMEIRO.-** Fixar dedicación exclusiva para o exercicio do cargo, mantendo a retribución que figura no expediente do orzamento de 2018 prorrogado para o 2019, para o Alcalde e para un membro do goberno municipal. Esta segunda dedicación pode ser dividida en dúas dedicacións parciais.

Aprobado o anterior, tendo en conta a decisión da Alcaldía no que a este lle corresponde de determinar os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, sen prexuízo da plasmación formal na correspondente Resolución, o réxime de dedicacións dos cargos corporativos con efectos de 15 de xuño de 2019 para o Sr. Alcalde e para os concelleiros a partir do día 21 de xuño 2019:

- Alcalde D. José Tomé Roca, 44.509,70 € anuais en 14 pagas, segundo consta no expediente do orzamento do 2018 en situación de prórroga para o 2019 e sen prexuízo das modificacións que legalmente se produciran.
- 1ª Tenente de Alcalde e Coordinadora do Grupo Dona Gloria Mª Prada Rodríguez, 17.861,04 € anuais 14 pagas( 50% de 35.722,08 €) segundo consta no expediente do orzamento do 2018 en situación de prórroga para o 2019 e sen prexuízo das modificacións que legalmente se produciran.
- Concelleiro delegado de Obras, Medio Rural e Servizos, 17.861,04 €€ anuais en 14 pagas (50% de 35.722,08 €) segundo consta no expediente do orzamento do 2018 en situación de prórroga para o 2019 e sen prexuízo das modificacións que legalmente se produciran.

**SEGUNDO.-** Fixar a percepción por asistencias a Organos colexiados, que lles corresponde aos membros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial, en 50,00 € por sesión do Pleno, da Xunta de Goberno Local, das Comisións Informativas e por reunión da Xunta de Portavoces.

**TERCEIRO.-** Os membros da Corporación percibirán indemnización polos gastos ocasionados no exercicio do cargo (dietas e locomoción) segundo as normas que se

*Pleno da Corporación*

*Sesión organizativa 20.06.2019*

aplican aos funcionarios públicos, con asimilación ao grupo 1 do Real Decreto 462/2002

CUARTO.-Asignar aos Grupos políticos municipais a seguinte dotación económica:

Compoñente fixo: 300,00 €por mes. Idéntico para tódolos Grupos.

Compoñente variable: 100,00 €por membro do Grupo e mes.

Prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que a realidade que se enterou pola rolda de prensa da data do Pleno e a convocatoria chegou o luns pola tarde. Polo tanto di que se enterou pola prensa. Cando se fala dun pleno moi concreto para o funcionamento interno, como é este pleno, houbéralle gustado que o chamaran para un bo funcionamento de todo. En un segundo, se falan doutras cousas, tamén se pode falar disto.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García manifestando que lle deron dúas propostas. Pregunta se a válida é a que fixa a contía de 44.509,70 € anuais para o Sr. Alcalde e para os concelleiros 17.861,04 € anuais.

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando que o que facía a primeira proposta era a suma coa Seguridade Social. Advertiuse ese erro, por iso se enviou unha nova proposta.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por maioría cos votos a favor dos once concelleiros do Grupo Municipal do PSOE e seis abstencións, catro dos concelleiros do Grupo Municipal PP, e dous abstencións, do concelleiro (BNG) e da concelleira (EspertaMonforte!), do Grupo Mixto.

## **8. DESIGNACIÓN DE PERSOAL EVENTUAL. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN.**

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 17 de xuño que sinala:

“Determinar, da forma que se expresa, ó número, características e retribucións do persoal eventual:

- A) Número: UN
- B) Características: Encargado/as do GABINETE DA ALCALDIA
- Retribución: A que figura no expediente do orzamento do 2018 prorrogado para o 2019, 35.204,16 € e sen prexuízo das modificacións que legalmente se produciran. “

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García e pon de manifestó que se lle enviaron dúas propostas, unha co nome e outra sen nome.



Intervén o Alcalde aclarando o envío das dúas propostas. Ata hoxe non se podía volver a dar de alta, ata o pleno de organización. O que se trata aquí é dun posto non do nome. O que se fixo foi correxir o erro, ata que o pleno aprobe. Di que lle gustaría que, de aquí en adiante, a documentación que se lle entrega aos concelleiros e concelleiras, trouxera a data real da que se entrega. Esta documentación é complementaria, Aquí se dí, soamente, si se aproba ou non a dedicación dun posto de persoal eventual.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as nove horas e quince minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

José Tomé Roca